

ANUNCIO DE LICITACIÓN

Aprobado o Prego Unificado de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcións Técnicas, que rexen a contratación do servizo de “**DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓN**”, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. Obxecto: A contratación do servizo de “**Defensa letrada do Concello de Sanxenxo e do seu Organismo Autónomo, “Terra de Sanxenxo”, en todo tipo de xurisdicións”**””.
2. Duración do contrato: Un ano e tres posibles prórrogas de un ano cada unha.
3. Prezo de licitación: Presuposto máximo de licitación por ano (12 meses) **66.550,00 Euros (IVE incluído)**.
4. Procedemento e tramitación: Procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria .
5. Lugar e prazo de presentación de ofertas: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo das 9 ás 14 horas, agás o sábado que será das 9 ás 13 horas dentro do prazo de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es. O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados.
6. Criterios de adxudicación:
 - a. Memoria de prestación do servizo. Ata un máximo de **cincuenta (50) puntos**. A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria detallada dos protocolos de actuación para o desenvolvemento do servizo, coas prestacións complementarias directamente vinculadas co obxecto do contrato, que non supoñan un incremento deste e que permitan un mellor funcionamento do servizo.
 - b. Prezo: Expressarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, (**66.550,00 €**). Valorarase ata un máximo de **cincuenta (50) puntos**.
7. Mesa de contratación: Designados os seus membros, o 22 de febreiro de 2016, por Resolución da Alcaldía, de acordo co sinalado na cláusula 11ª dos Pregos respectivos. Será constituída seguindo o disposto na cláusula 12ª dos Pregos.
8. Entidade e información: Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es. - Perfil de Contratante.

En Sanxenxo, a 24 de febreiro de 2016.

O Alcalde-Presidente

Fdo. Gonzalo Gonzalo Pita